
MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O COIDADADO E PROTECCIÓN DOS PARRULOS DO AUDITORIO E DA ALAMEDA DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ao grupo municipal de Compostela Aberta chegaronlle diversas queixas da veciñanza polas malas condicións nas que se atopan os parrulos que viven nos estanques do Auditorio e da Alameda de Santiago.

Estes parrulos atópanse nunhas condicións sanitarias e de salubridade moi deficitarias. A súa alimentación, por parte do Concello, é escasa, e non diaria. No Auditorio, os estanques e os terreos onde viven precisan ser limpados e requiren un mantemento periódico. Tamén é preciso que os animais sexan desparasitados, xa que presentan endoparásitos e ectoparásitos.

Ademais, son moitos os parrulos feridos por mordeduras de cans. Debido a estas malas condicións, os parrulos dos parques de Santiago están a morrer a idades temperás. Ademais estanse a introducir, por parte de particulares, novos parrulos, especies (cairina moschata) que tenden a ter moita descendencia, como aconteceu recentemente na Alameda, con 9 crías, e tamén, nalgúns casos especies territoriais que non deberían convivir con outras.

Os parrulos non son adornos ou xoguetes, e debe garantirse, por parte da Administración local, que reciben os coidados adecuados e que están protexidos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

- Instar ao Goberno local a:

Primeiro.- Impulsar medidas para a concienciación e formación dos coidados que precisan os animais, tanto por parte da Policía Local, para que estea vixiante e proceda a sancionar a quen abandona os parrulos; como do persoal de xardinería, para que se garantan a alimentación e as

condicións de hixiene e salubridade precisas, se cubran partes das incidencias e se teña un control sobre o censo destes animais.

Segundo.- Garantir que non se introduzan máis animais nos estanques e aumentar a súa seguridade, con peches máis fortes. Garantir a desparasitación dos animais, a atención a aqueles que resulten feridos, e o traslado a un santuario dos parrulos da especie cairina moschata.

Terceiro.- Valorar a constitución dunha patrulla de Protección Civil formada en cuestións medioambientais e en protección dos animais.

Santiago de Compostela, de Xullo 2021

María Rozas Pérez

Concelleira de Santiago de Compostela

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA